

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL****PONTEAREAS****Persoal, oposicións**

BASES E CONVOCATORIA PARA A PROVISIÓN EN PROPIEDAD DE UNHA PRAZA VACANTE DE PERSOAL LABORAL COCIÑEIRO/A AUXILIAR, MEDIANTE A QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA, INCLUÍDA NA OEP DO ANO 2017

ANUNCIO

Por Resolución da Alcladía 2021-0680, de data 22/03/2021, aprobáronse as Bases e a convocatoria para a provisión en propiedade dunha para vacante de persoal laboral Cociñeiro/a Auxiliar (anteriormente denominada Ofical 2º de Cociña), mediante a quenda de promoción interna, incluída na Oferta de Emprego Público do ano 2017, que foi publicada no DOG nº 244, de 27 de decembro de 2017, que se rexirá polas seguintes bases:

BASES PARA A PROVISIÓN EN PROPIEDAD DE UNHA PRAZA VACANTE DE PERSOAL LABORAL COCIÑEIRO/A AUXILIAR (ANTERIORMENTE DENOMINADA OFICIAL 2ª COCIÑA), MEDIANTE A QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA, INCLUÍDAS NA OEP DO ANO 2017 DO CONCELLO DE PONTEAREAS.

Bases reguladoras da convocatoria para a selección de persoal laboral fixo .

PRIMEIRA. Obxecto

1. As presentes bases teñen por obxecto a regulación da convocatoria e do proceso selectivo para a provisión en propiedade, con carácter de persoal laboral fixo, mediante o sistema de concurso-oposición, pola quenda de promoción interna, dunha praza vacante de cociñeiro/a auxiliar pertencente ao grupo 3.1 do Convenio Colectivo do Concello de Ponteareas (anteriormente grupo 4), incluída na Oferta Pública de Emprego do 2017 do Concello de Ponteareas, aprobada por resolución da Alcaldía, de data 14-12-2017, publicada no Diario Oficial de Galicia núm. 244, de 27-12-2017.

2. Características da vacante convocada:

Denominación	Nº	Quenda	Grupo Convenio
Cociñeiro/a auxiliar (oficial 2ª cociña)	1	Promoción interna	3.1 (anteriormente 4)

As prazas estarán dotadas cas retribucións básicas correspondentes ao grupo e subgrupo de clasificación profesional establecidas no II Convenio Colectivo do Persoal Laboral ao servizo do Concello de Ponteareas, para o posto de Cociñeiro/a auxiliar.



Venres, 23 de abril de 2021

Núm. 76

As prazas da quenda de promoción interna que non sexan cubertas acumularanse ás da quenda de acceso libre.

SEGUNDA. Publicidade

A convocatoria e as bases reguladoras publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO), no Taboleiro de Edictos (sede electrónica Concello de Pontearreas), e de forma complementaria na páxina web municipal <https://pontearreas.gal/>.

O anuncio da convocatoria publicárase no Boletín Oficial del Estado (BOE) e no Diario Oficial de Galicia (DOG).

TERCEIRA. Réxime Xurídico Aplicable

A devandita convocatoria e o proceso selectivo rexeranse polo disposto nas presentes bases, e en todo o non previsto por elas, pola lexislación laboral aplicable e as normas convencionais aplicables ademais de por os preceptos da lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia e do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, que lle sexan de aplicación.

CUARTA. Requisitos dos aspirantes

Para poder participar neste proceso de promoción interna vertical os aspirantes deberán reunir, antes do remate do prazo de presentación de solicitudes de participación, os requisitos que de seguido se relacionan, e posto que xa ostentan a condición de persoal laboral fixo ao servizo do Concello de Pontearreas, quedarán exentos dos restantes requisitos que, con carácter xeral, resultarían esixibles para o persoal de novo ingreso establecidos no artigo 56 do RD 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, e que se entenderán acreditados:

a) Ser persoal laboral ao servizo do Concello de Pontearreas coa condición actual de persoal laboral fixo pertencente ao grupo profesional 4.

b) Ter prestado servizos efectivos na condición de persoal laboral fixo durante cando menos dous anos no grupo de clasificación profesional sinalado no apartado anterior e dende o que se habilita a promoción.

c) Estar en posesión, ou en condicións de obtelo na data na que remate o prazo de presentación de solicitudes, do título de graduado en ESO ou equivalente, a tal efecto estarase ao disposto na Orde EDU/1603/2009, de 10 de xuño (BOE do 17/06/2009), pola que se establecen equivalencias cos títulos de graduado en educación secundaria obrigatoria e de bacharel regulados na Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación. O persoal que non estea en posesión do título esixido, poderá participar no proceso selectivo en caso de contar cunha antigüidade mínima de 10 anos no subgrupo de pertenza, ou ben teña unha antigüidade mínima de 5 anos e supere os cursos de formación que se determinen polos órganos da corporación.



Venres, 23 de abril de 2021

Núm. 76

d) Ter formación en manipulación de alimentos.

e) Non ter sido condenado por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, que inclúe a agresión e abuso sexual, acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual e corrupción de menores, así como por trata de seres humanos, conforme establece o artigo 13.5 da Lei 26/2015, do 28 de xullo, de Modificación do Sistema de Protección á Infancia e á Adolescencia, que deberá acreditarse ben asinando a autorización no Anexo I da solicitude para a consulta por parte do Concello, ou ben aportando o certificado a tal efecto.

f) Ter aboada a cantidade de 20 euros dentro do prazo de presentación de instancias, polos dereitos de participación no proceso selectivo. A taxa de dereitos de exame esixirase en réxime de autoliquidación no modelo facilitado polo Departamento de Rendas do Concello.

En ningún caso a mera presentación e o pagamento dos dereitos de exame suporá substituír o trámite de presentación en tempo e en forma da solicitude, a falta de pago da devandita taxa suporá a exclusión definitiva do/a aspirante das probas selectivas.

Estarán exentas as persoas con discapacidade igual ou superior ao 33%, segundo o certificado emitido polo Organismo Competente, o cal deberá achegarse á instancia de solicitude e gozarán dunha bonificación do 50% aqueles suxeitos pasivos, membros de familias numerosas que teñan recoñecida tal condición.

Procederá a devolución da taxa por dereitos de exame cando non se realice o feito imponible por causas non imputables ao suxeito pasivo. Non procederá devolución ningunha dos dereitos de exame nos supostos de exclusión das probas selectivas por causas imputables ao interesado/a.

QUINTA.- Presentación de instancias.

As solicitudes para tomar parte no proceso presentaranse no rexistro xeral do Concello de Ponteareas, en horario de atención ao público (de 09:00 h. a 14:00 h.), e no prazo de vinte (20) días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da respectiva convocatoria no BOE. Igualmente, as devanditas solicitudes tamén se poderán presentar por calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

No caso de que se opte por presentar a instancia ante unha oficina de Correos, farase en sobre aberto para que a mesma sexa fechada y selada polo empregado de Correos antes de ser certificada, ao seguinte enderezo: Concello de Ponteareas, Rexistro Xeral –Xardíns da Xiralda–, CP 36800–Ponteareas .

No caso de que a solicitude, non se presente directamente no Rexistro Xeral do Concello de Ponteareas, a persoa aspirante deberá dirixir por fax ao número 986 660 647 unha copia selada da solicitude na que figure a data de presentación no rexistro correspondente, no mesmo día da súa presentación, aos efectos de que poida ser incluída na relación de admitidos/as.



Venres, 23 de abril de 2021

Núm. 76

Xunto coa solicitude (que deberá incluír, así mesmo, declaración responsable do cumprimento dos requisitos de participación), os aspirantes deberán achegar a seguinte documentación:

a) DNI, pasaporte ou documento de identificación equivalente acreditativo da nacionalidade do aspirante.

b) Declaración responsable do cumprimento dos requisitos de participación sinalados nos puntos a) e b) da base cuarta, o que será comprobado de oficio polo Concello.

c) Título de bacharelato, técnico ou equivalente.

d) Xustificante de ter aboados os dereitos de exame ou certificado de discapacidade que de dereito á exención ou de ser o caso recoñecemento da condición de familia numerosa para gozar da bonificación do 50% na taxa por dereitos de exame.

e) Relación de méritos acompañada dos xustificantes acreditativos destes. Só se terán en conta para a fase de concurso os méritos debidamente acreditados, en todos os seus extremos, dentro do prazo de presentación de solicitudes; e non serán obxecto de toma en consideración, e valoración, os que se acheguen con posterioridade ao remate de dito prazo, que serán considerados como achega de nova de documentación fóra de prazo.

f) Certificado da lingua galega Celga 3 ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de acordo coa disposición adicional 2ª da orde do 16 de xullo de 2007, para xustificar ter o coñecemento da lingua galega e estar exento/a de realizar o exercicio da fase de oposición.

g) Os aspirantes con algunha discapacidade deberán indicalo na súa solicitude, neste senso, as persoas con discapacidade recoñecida que, como consecuencia da mesma, presente especiais dificultades para a realización das probas selectivas reguladas nas presentes bases, poderán formular petición concreta na solicitude de participación, na cal deben reflectir as necesidades específicas que teñan para acceder ao proceso de selección. En tal caso, e para efectos de que o órgano de selección poida valorar a procedencia ou non da concesión do solicitado, o candidato xuntará o ditame técnico facultativo emitido polo órgano técnico de cualificación do grao de minusvalía competente, acreditando de forma que faga fe, a deficiencia ou deficiencias permanentes que deron orixe ao grao de minusvalía recoñecido, nos termos que resultan da ORDE PRE/1822/2006, de 9 de xuño, do Ministerio da Presidencia, pola que se establecen criterios xerais para a adaptación de tempos adicionais nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público de persoas con discapacidade.

SEXTA. Admisión de aspirantes.

Rematado o prazo de presentación de instancias, por Resolución da Alcaldía se aprobará, no prazo máximo dun mes, a lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos, que se fará pública no BOP, no taboleiro de anuncios e na web municipal.



Venres, 23 de abril de 2021

Núm. 76

Na devandita Resolución indicárase o nome, apelidos e DNI dos admitidos e excluídos e, no seu caso, as causas de exclusión.

Os aspirantes excluídos, así como os omitidos na relación de admitidos ou excluídos, disporán dun prazo improrrogable de 10 días hábiles, que comezará a contar dende o día seguinte ao da publicación da resolución no BOP, para corrixir os defectos que motivaran a súa exclusión ou a súa omisión da lista de admitidos.

Os aspirantes que dentro do prazo sinalado non emendasen a exclusión ou non alegasen a omisión, xustificando o seu dereito a seren incluídos na relación de admitidos, serán definitivamente excluídos do proceso selectivo. De non se presentaren reclamacións dentro deste prazo, a lista provisional de admitidos e excluídos elevarase a definitiva.

As alegacións/emendas serán aceptadas ou rexeitadas por resolución da Alcaldía (que será obxecto de nova publicación no BOP, así como no taboleiro de edictos e na web municipais), e na que se aprobará a lista definitiva de admitidos e excluídos; na mesma, tamén se determinará a composición nominativa do tribunal cualificador, o lugar, data e hora na que se citará ao mesmo para a súa primeira sesión (constitutiva), así como para o inicio do proceso selectivo (que se iniciará coa fase de concurso).

Contra a resolución na que se declare a lista definitiva de admitidos e excluídos, poderase interpoñer potestativamente recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o órgano que ditou o acto, ou directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, ante a xurisdición contencioso-administrativa, contados a partires do seguinte ao da publicación no taboleiro de edictos e na páxina web do Concello.

SÉTIMA. Tribunal cualificador.

O tribunal, cuxa composición se adecuará aos criterios de imparcialidade e profesionalidade, así como aos restantes requisitos previstos, ao efecto, pola normativa de aplicación (artigos 60 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e 59 da Lei do Emprego Público de Galicia), estará conformado polos seguintes integrantes (dos que se deberá nomear, en todo caso, titulares e suplentes) e tendo en conta a paridade entre homes e mulleres:

- Presidente/a
- 3 Vogais.
- Secretario/a.

Os membros dos órganos de selección deben pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional para o ingreso no cal se requira unha titulación de nivel igual ou superior ao esixido para participar no proceso selectivo.



Venres, 23 de abril de 2021

Núm. 76

O tribunal non poderá constituírse, nin actuar, sen a presenza, cando menos, de tres dos seus membros, titulares ou suplentes, debendo estar presentes en todo caso o/a presidente/a e o/a secretario/a. De todas as reunións que celebre o tribunal o/a secretario/a redactará a correspondente acta.

Os membros do tribunal absteranse de intervir, e o comunicarán á autoridade convocante, cando concorran algunha das circunstancias previstas, ao efecto, na normativa reguladora de réxime xurídico das Administracións Públicas (Lei 40/2015). Así mesmo, os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran estas circunstancias.

O tribunal resolverá, por maioría de votos dos seus membros presentes, todas as dúbidas e/ou cuestións que se susciten ao respecto da aplicación e/ou interpretación das normas contidas nestas bases, así como nos supostos non previstos nas mesmas (recabando, no seu caso, a emisión de informe e/ou opinión especializada por parte dos asesores que, ao efecto, poidan ter sido requiridos).

O tribunal poderá dispoñer a incorporación, nos supostos en que así o estime oportuno (previo acordo formal adoptado ao respecto), e aos efectos da asistencia/colaboración na súa actuación e/ou traballos propios, de asesores; que actuarán con voz e sen voto, limitándose ao exercicio das especialidades técnicas/profesionais en base ás cales foran requiridos para o devandito asesoramento.

Os membros concorrentes ás sesións do tribunal, e para os efectos de percepcións de asistencias, se clasificarán consonte o disposto no Real Decreto 462/2002 sobre indemnizacións por razóns de servizo (e demais normativa concordante e/ou substitutiva). En todo o non previsto nas presentes bases, o procedemento de actuación do tribunal axustarase ao establecido na normativa aplicable á formación da vontade dos órganos colexiados.

OITAVA.- Comezo e criterios xerais do desenvolvemento do proceso selectivo.

Coa resolución comprensiva da relación definitiva de aspirantes admitidos e excluídos, a publicar no BOP e no taboleiro de edictos e na web municipal, determinarase a composición nominativa do tribunal cualificador, o lugar, data e hora na que se citará ao mesmo para a súa primeira sesión (constitutiva), así como para o inicio do proceso selectivo (que se iniciará coa fase de concurso).

O sistema selectivo empregado será o concurso-oposición, debendo desenvolverse, con carácter previo, a fase de concurso.

O resultado da fase de concurso farase público mediante anuncio no taboleiro de edictos e na páxina web municipal, antes de iniciarse a fase de oposición; nel figurará a puntuación obtida na devandita fase. Igualmente, en dito anuncio tamén se fixará a data, hora e lugar de celebración do exercicio da fase de oposición. Os sucesivos anuncios sobre puntuación e realización das probas da fase de oposición, así como aqueloutros anuncios que poidan proceder, efectuarase no taboleiro de edictos e na web municipal.



Venres, 23 de abril de 2021

Núm. 76

A) *FASE DE CONCURSO*: A fase de concurso, que se realizará en primeiro lugar, non terá carácter eliminatorio, nin poderá terse en conta para superar a fase de oposición que será posterior sempre ao concurso.

A data de referencia para a valoración dos méritos será a de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

O Tribunal outorgará a puntuación conforme ao seguinte BAREMO:

a) Formación na praza obxecto da convocatoria, cun máximo de 4 puntos, nos seguintes termos:

a.1)—Valoraranse outras titulacións académicas distintas da esixida como requisito para ser incluído no proceso selectivo segundo o seguinte baremo:

- a) Titulación de doutor: 1 punto.
- b) Titulación universitaria superior: 0,5 puntos.
- c) Diplomatura universitaria ou equivalente: 0,25 puntos.
- d) Título de técnico superior ou equivalente: 0,15 puntos.
- e) Bacharelato superior, técnico ou equivalente: 0,10 puntos.
- f) Formación profesional de primer grao ou equivalente.: 0,07 puntos
- g) Ensinanza Secundaria Obrigatoria ou equivalente: 0,05

A cualificación máxima por este apartado non poderá ser superior a 1 punto, e non se terán en conta aquelas titulacións que foran requisito para acceder á titulación superior.

a.2) Por cursos relacionados coas funcións propias da categoría segundo o baremo seguinte:

- Cursos de 20 horas a 39 horas: 0,30 puntos.
- Cursos de 40 horas a 59 horas: 0,50 puntos.
- Cursos de 60 horas a 99 horas: 0,75 puntos.
- Cursos de 100 horas a 149 horas: 1 punto.
- Cursos de máis de 150 horas: 2 puntos.

Neste apartado a puntuación máxima será de 3 puntos.

b) Experiencia. A puntuación máxima nesta base será de 5 puntos valorándose a experiencia na praza obxecto da convocatoria, similar ou superior categoría nos seguintes termos:

- 0,20 puntos por cada mes de experiencia acreditado na administración pública, en praza de igual ou similar categoría á da convocatoria.



Venres, 23 de abril de 2021

Núm. 76

- 0,10 puntos por cada mes de experiencia acreditado na empresa privada, en praza de igual ou similar categoría á da convocatoria.

No caso de empate final na puntuación entre os aspirantes, este resolverase a favor de aquel que teña maior puntuación seguindo a orde de puntuación do proceso selectivo, de manterse o empate desfarase seguindo a orde alfabética, comezando pola letra establecida na Resolución da Consellería de Facenda do 29 de xaneiro de 2021 pola que se fai público para o ano 2021 o resultado do sorteo ao que se refire o Regulamento de selección de persoal da administración da comunidade autónoma de Galicia, (DOG nº24, do 5 de febreiro de 2021) , polo que os desempates que deriven desta selección empezarán por aqueles cuxo primeiro apelido comece pola letra “ Y”.

B) FASE DE OPOSICIÓN:

A oposición constará de dous exercicios: un exercicio de carácter obrigatorio e eliminatorio e un exercicio de carácter obrigatorio e non eliminatorio para os aspirantes que non acrediten o Celga 3 .

Primeiro exercicio: De carácter obrigatorio e eliminatorio para todos os/as aspirantes.

A primeira proba consistirá en contestar por escrito a un cuestionario de 30 preguntas tipo test de 30 preguntas máis 4 de reserva, con catro opcións e resposta única, referidas ao temario de materias seguinte: .

Tema 1- Aplicación das normas e condicións hixiénico-sanitarias na restauración.

Tema 2- Aproveitamento de materias primas na cociña. Preelaboración e conservación culinarias.

Tema 3.- Realización de elaboracións básicas e elementais na cociña e asistencia na elaboración culinaria. Elaboración de pratos combinados e aperitivos.

Tema 4.- A conservación dos alimentos: métodos máis utilizados. Conservación en frío, por calor, salgado, afumado, desecación. Novos métodos para a conservación de alimentos.

Tema 5.- Recepción de mercadorías: control das materias primas e pratos preparados, vehículos de transporte, etiquetas, temperaturas, datas de consumo preferente e de caducidade, control organoléptico.

Tema 6.- Almacenamento: produtos perecedoiros, semiperecedoiros e non perecedoiros, normas de hixiene, estiba, temperatura requirida, limpeza, rotación de mercadorías.

Tema 7.- Acondicionamento de materias primas: a desconxelación, rehidratación, limpeza e preelaboración das materias primas. Cortes das distintas materias.

Tema 8.- O empratado: dotación de materiais, medidas hixiénicas, temperaturas das comidas preparadas. Sistemas de distribución: cadea quente, cadea fría.



Venres, 23 de abril de 2021

Núm. 76

A cualificación deste exercicio será de 0 a 10 puntos; queda eliminado o /a aspirante que non obteña cando menos 5 puntos.

Segundo exercicio: De carácter igualmente obrigatorio, aínda que a falta de superación do mesmo non impedirá o nomeamento.

Consistirá na realización dunha proba escrita de coñecemento da lingua galega, que determinará o órgano de selección co asesoramento do Servizo de Normalización Lingüística, e avaliarase de 0 a 2 puntos.

O/a aspirante que non obtivese 1 punto como mínimo nesta proba deberá participar no primeiro curso de idioma galego que realice a Administración autonómica (Secretaría Xeral de Política Lingüística ou organismo autonómico competente) a fin de obter a debida capacitación.

Estarán exentos da realización deste exercicio os/as aspirantes que manifesten ou acrediten posuír o título CELGA 3 ou equivalente homologado no prazo regulamentario de presentación de instancias, segundo o establecido na Orde do 16 de xullo do 2007, que regula os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga) en relación co seu Anexo I, aos que se lle asignarán 2 puntos.

NOVENA. Finalización do proceso selectivo. Nomeamento e toma de posesión.

Finalizado o proceso selectivo, o Tribunal fará pública (mediante anuncio no taboleiro de edictos e páxina web municipal) a puntuación final total dos/ as candidatos/as que teñan superado o proceso selectivo, cunha relación dos/as finalmente seleccionados/as para a ocupación da vacante convocada. Propoñendo, asemade, a contratación, como persoal laboral fixo Cociñeiro/a auxiliar, grupo 3.1, en igual número ás vacantes convocadas, en base á puntuación acadada polos aspirantes; proposta que se elevará á Alcaldía, para que, con arranxo ás competencias recoñecidas ao efecto, proceda a resolver a devandita contratación.

Resolta pola Alcaldía a contratación do/a aspirante seleccionado/a, con indicación provisional de destino, serán obxecto de publicación no taboleiro de edictos e páxina web municipal, así como no BOP e no DOG.

A persoa aspirante finalmente seleccionada deberá formalizar o contrato, no prazo dun mes a partir da publicación da contratación do/a interesado/a no Diario Oficial de Galicia, de conformidade co disposto no artigo 60.c) e e) da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia. Quen non o faga, sen causa xustificada, será declarado en situación de cesante e consecuentemente decaído no seu dereito a ser contratado por falta de materialización no prazo outorgado para o efecto; debendo procederse, por parte da Alcaldía, formalizar o contrato co seguinte aspirante na lista que houbera superado as probas ou de non haber, declarar deserta a vacante afectada.



Venres, 23 de abril de 2021

Núm. 76

DÉCIMA. Incidencias e réxime de Recursos.

En todo o non previsto nas presentes bases o tribunal quedará facultado para resolver e/ou interpretar as dúbidas que se poidan presentar, e tomar os acordos necesarios para a boa orde e adecuado desenvolvemento do proceso; procurando, o anonimato dos/as aspirantes durante a realización e corrección das probas selectivas E, todo ilo, con pleno sometemento ás previsións normativas aplicables ao respecto, e con arranxo ao sentido e contido das propias bases.

Así mesmo, o tribunal poderá declarar durante o transcurso do proceso selectivo como excluídos a aqueles aspirantes que fagan uso de calquera actuación fraudulenta nos exercicios das probas selectivas; así como solicitar dos aspirantes as aclaracións complementarias que estime precisas.

Estas bases e correspondente convocatoria, e cantos actos administrativos se deriven destas, e das actuacións do tribunal, poderán ser impugnados, polos interesados, tanto en vía administrativa como contenciosa, nos casos e na forma establecidos pola normativa aplicable ao respecto. Ademais, contra os acordos do Tribunal, os aspirantes poderán interpoñer reclamación no prazo de 3 días hábiles, contados a partir do seguinte a data da súa publicación na páxina web municipal e no taboleiro de edictos. O prazo quedará suspendido se o aspirante solicita que se lle poña de manifesto o expediente, polo prazo que transcorra entre a solicitude e o día no que se lle poña de manifesto, establecéndose o prazo máximo de suspensión en 10 días hábiles. As reclamacións deberán ser resoltas polo órgano de selección, debendo ser publicadas na páxina web municipal e no taboleiro de edictos do Concello, sen prexuízo da súa notificación aos reclamantes.

A publicación se efectuará xunto co anuncio do lugar e data de celebración do seguinte exercicio (salvo que sexa o último).

Contra a desestimación das reclamacións indicadas poderase interpoñer recurso de alzada ante o órgano que designou ao tribunal (Alcalde) no prazo dun mes contado a partir do seguinte ao da súa notificación ou publicación.

Pontearreas, documento asinado electronicamente

A Alcadesa por substitución, segundo Decreto 2020-3135, de 9 de decembro de 2020

Cristina Fernández Davila

